

MEDIDAS DE SEGURIDADE (protocolo COVID-19)

ACCESO ÁS INSTALACIÓNS

Deberase **esperar no exterior do local pola chamada do/a monitor/a**, e entrarase de maneira ordenada e con distanciamento de seguridade (a saída das aulas realizarase do mesmo xeito).

Desinfectarase o calzado para acceder ao local, haberá na entrada unha alfombra con líquido desinfectante.

Desinfectaranse as mans xusto ao acceder ao local, haberá xel hidroalcohólico hixienizante nunha mesa na entrada e en tódalas aulas.

Dentro do local será **OBRIGATORIO O USO DA MÁSCARA**, independentemente da idade do alumno/a e da actividade (agás instrumentos de vento).

Deberase **esperar polo alumnado no exterior do local**.

DENTRO DAS INSTALACIÓNS

Capacidades (só poderán acceder ás instalacións aquelas persoas que vaian asistir a unha ou varias actividade/s):

- **40 persoas** máximo no interior do **local**.
- **10 alumnos/as** nas aulas de **movemento** e instrumentos de **vento**.
- **15 alumnos/as** nas aulas **musicais** (agás instrumentos de vento).
- **5 alumnos/as** nas actividades impartidas en **aulas reducidas**.

As aulas estarán divididas en recadros de 2 metros x 2 metros para manter o espazo necesario por alumno/a sen que haxa contacto físico.

Evitarase o contacto físico entre o alumnado, tanto na realización de coreografías, coma en intercambios de material, etc.

O material que sexa necesario empregar nas actividades deberá ser persoal, queda prohibida a utilización de material común (instrumentos, etc.).

As aulas rematarán con 5 minutos de antelación para que o monitor poida desinfectar a sala e os elementos que se empregaron durante a actividade.

Para a posible execución do punto anterior e non interferir nos horarios das actividades posteriores, **PRÉGASE PUNTUALIDADE**.

Non haberá materiais de uso común nas instalacións (revistas, xoguetes, etc.).

Os espazos comúns estarán deshabilitados (entrada, pasillo, etc.).

Só se empregará mobiliario que sexa fácil de desinfectar.

Non se utilizarán ventiladores, aires acondicionados ou calquera outro tipo de aparatos e/ou obxectos que poidan expandir o virus (abanicos incluídos).

Os servizos/vestiarios estarán abertos, utilizaranse de maneira individual e será necesario desinfectar as mans tanto á entrada como á saída.

Ao mínimo síntoma, prégase non acudir ás aulas (as persoas próximas tampouco).